
ANEXO SÍNTESE

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.

01. FINALIDADE.....	2
02. NATUREZA OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.	2
03. CONTIDOS FUNDAMENTAIS: DOCUMENTOS DO PXOM.....	5
04. RELACIÓNS COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	5
05. CLASIFICACIÓN DO SOLO.....	5
06. RESUMO DAS CLASES E CATEGORÍAS DE SOLO COAS SÚA SUPERFICIE E PROPORCIÓN DO CONCELLO.....	8
07. ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO.	8
08. SISTEMA DOTACIONAL.	9
ANEXO. FICHA RESUMO DO PLAN	12

01. FINALIDADE.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (DOG núm. 34, do 19/02/2016), contempla, entre os seus obxectivos, o de dotar de seguridade xurídica o ordenamento xurídico, para o que considera imprescindible que todos os concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planeamento que ordene o seu termo municipal.

Actualmente o Concello de Narón conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 22 de abril de 2002 redactado ao abeiro da Lei 1/97 do solo de Galicia.

O presente documento corresponde a o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal(PXOM) do concello de Narón, segundo o sinalado nos art. 60 da LSG e 144 do RLSG.

O artigo 51 da LSG regula a figura dos plans xerais de ordenación municipal establecendo que serán formulados polos concellos respectivos e son instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abarcará un ou varios termos municipais completos, clasificará o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirá os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

02. NATUREZA OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O PXOM de Narón é o instrumento de planeamento urbanístico de ordenación integral que abrangue a totalidade do termo municipal, que clasifica o solo para o establecemento do réxime xurídico, define os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística e establece as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

As determinacións do PXOM de Narón axústanse ao establecido no artigo 52 da LSG, e inclúen:

- a) Obxectivos xerais e criterios da ordenación compatibles coa normativa sectorial e ambiental, cos instrumentos de ordenación do territorio e co planeamento dos municipios limítrofes.
- b) Clasificación do solo de todo o termo municipal en todos ou nalgún dos distintos tipos e categorías establecidos nesta lei.
- c) División do solo urbano en distritos.

- d) Delimitación dos sectores en solo urbanizable e dos ámbitos de reforma interior no solo urbano non consolidado.
- e) Determinación do sistema de actuación nos ámbitos de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable.
- f) Estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos. En calquera caso, indicaranse para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.
- g) Baseándose na análise da mobilidade, previsión de aparcadoiros de titularidade pública, que poderán localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non interfiran no uso normal destes sistemas nin supoñan a eliminación ou o traslado de elementos físicos ou vexetais de interese.
- h) Catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.
- i) Delimitación de áreas de repartición en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable.
- j) Carácter público ou privado das dotacións.
- k) Determinación dos prazos para a aprobación do planeamento de desenvolvemento. Noutro caso, este prazo será de tres anos.
- l) Determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ao ambiente establecidas polo artigo 91.

Constitúe o ámbito de aplicación do presente PXOM todo o territorio do termo municipal de Narón, que pertence á comarca de Ferrol conformada por once municipios, algo máis de 150.000 habitantes e 624 km², que debe a súa configuración actual a un proceso de expansión urbana e industrial sobre gran número de pequenas poboacións próximas.

O Concello de Narón conta cunha extensión de 66,90 Km²segundo o INE, situándose no amplo grupo de municipios de tamaño medio dentro do conxunto provincial. Respecto á escasa magnitude superficial que domina nos concellos do litoral coruñés, xeralmente entre os 10 e 50 Km², o tamaño de Narón correspóndese con tamaños de tipo medio-alto.

O vixente PXOM de Narón, do ano 2002 (PXOM'02), redactouse nun momento no que probablemente non existía unha base sociolóxica ampla preocupada polas cuestións que motivan a actual redacción do plan xeral, como son, os límites de crecemento, a capacidade de

acollida real do territorio polos usos que se implantan, o consumo de recursos (renovables ou non), a xeración de residuos e a capacidade de reciclalos, o cambio climático, a preservación da paisaxe herdada, etc. Así, o deseño da ordenación do plan non se condicionou a ningunha destas referencias e o seu consumo de territorio e capacidade de acollida residencial non se contrastaron cos actuais criterios de sustentabilidade.

Por todo o que se dixo anteriormente e resumindo, faise patente a necesidade de revisar o plan xeral, sobre todo polos seguintes tipos de motivos:

- Adopción dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e das Directrices de Paisaxe de Galicia, como principais instrumentos de ordenación do territorio que inciden no municipio.
- A nova sensibilidade social con relación ao proceso de urbanización e de crecemento.
- A aparición dun marco legal, practicamente renovado na totalidade, un conxunto de novas leis estatais, autonómicas e plans supramunicipais, de gran incidencia na ordenación do territorio municipal. pon de manifesto a inadaptación do documento vixente, creando inseguridade xurídica.
- A aparición da lexislación de avaliación ambiental, constituída actualmente pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental o sometemento ao trámite de avaliación ambiental estratéxica, garantirá que as determinacións do plan non xeren impactos ambientais inasumibles.
- A entrada en vigor de novos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no concello de Narón, como son: Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia cara á Neutralidade carbónica 2021-2040, Rede viaria de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Ares, Mugar dos e Cabanas e a súa modificación, Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, Parque Eólico e Actuación industrial Río do Pozo- Sector fai necesaria a formulación dun novo plan que recolla todas as determinacións vinculantes de estas figuras de rango superior.
- Establecer un novo modelo para os núcleos rurais adaptado ao modelo de asentamento poboacional do Plan Básico Autonómico (PBA).
- Procurar a compactidade do solo urbano existente, que na actualidade presenta grandes bolsas de solo vacante no interior da pegada urbana.
- A conveniencia de corrixir certas determinacións normativas do PXOM'02 á vista dos problemas xerados e a experiencia acumulada na súa aplicación.

Estes argumentos determinan non só a necesidade da revisión senón a conveniencia da mesma, vista a problemática exposta.

03. CONTIDOS FUNDAMENTAIS: DOCUMENTOS DO PXOM.

Os contidos do PXOM distribúense entre os seguintes documentos, regulados no artigo 58 da Lei 2/2016 e no artigo 131 do Regulamento da Lei 2/2016:

- a) *Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.*
- b) *Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.*
- c) *Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.*
- d) *Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.*
- e) *Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.*
- f) *Planos de ordenación urbanística.*
- g) *Normas urbanísticas.*
- h) *Estratexia de actuación e estudo económico.*
- i) *Catálogo de elementos que se deben protexer.*
- j) *Informe ou memoria de sustentabilidade económica.*
- k) *Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.*

04. RELACIÓNS COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

O presente PXOM incorpora as determinacións dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio (IOT), tanto no que respecta a plans de carácter sectorial como ás DOT e demais instrumentos aprobados de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio de Galicia.

Incorpóranse a súa vez os plans sectoriais e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal que inflúen na redacción do Planeamento Xeral.

05. CLASIFICACIÓN DO SOLO.

O PXOM en fase de formulación adáptase á nova lexislación urbanística que determina a necesidade de clasificar o solo do municipio nalgunha das catro categorías establecidas nela; solo urbano, solo de núcleo rural, solo rústico e solo urbanizable.

Neste senso, pártese da actual clasificación do solo do PXOM'02, que se manterá en función da súa adecuación ao novo marco legal, tanto autonómico como estatal así como ás

estratexias e directrices relacionadas co desenvolvemento sostible e adaptación aos obxectivos fixados para este plan xeral.

SOLO URBANO.

Para determinar cales son os terreos que se poden clasificar como solo urbano tivéronse en conta as condicións e regras establecidas na lexislación urbanística (artigo 16 da LSG) partindo da realidade actual de Narón.

Existen dous núcleos urbanos no termo municipal de Narón. Por unha banda o núcleo urbano cabeceira municipal situado ao fondo da Ría de Ferrol, e por outra o solo urbano industrial de Río do Pozo resultado de desenvolvementos urbanísticos.

NÚCLEO URBANO.

O presente PXOM reconece a pegada urbana existente e seguindo os criterios do artigo 17 da LSG no que se definen as categorías de solo urbano; solo urbano consolidado (SUC) e solo urbano non consolidado (SUNC). Aplicando os criterios da LSG define e delimita 85 ámbitos de SUNC, distinguindo entre aqueles nos que son precisos procesos de urbanización e os que deberán ser obxecto de reforma interior ou renovación urbana. O resto dos terreos de natureza urbana correspóndense co SUC debido a que se axustan ao disposto no artigo 17.a) da LSG, seguindo unha ordenación pormenorizada congruente coa do planeamento vixente, cualificando os terreos segundo 11 ordenanzas zonais.

POLÍGONO DE RÍO DO POZO

Clasifícanse como solo urbano consolidado as fases desenvolvidas e executadas do Polígono de río do Pozo (Sectores I, II, III e IV).

SOLO URBANIZABLE.

De acordo co disposto no artigo 27 da LSG, constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

O presente PXOM non delimita solo urbanizable de uso residencial, dado que un dos seus principais obxectivos é conseguir a compactidade da pegada urbana do núcleo de Narón que

presenta múltiples baleiros no seu interior, polo que prímase o completar estes espazos fronte o desenvolvemento de novos solos urbanizables residenciais.

Clasifícase solo urbanizable para a implantación de actividades económicas, sempre en continuidade con solos urbanos industriais existentes na actualidade, agás o SUB-08 que está recollido no Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia (PSOATEG). Deste xeito incorpóranse 8 sectores de solo urbanizable delimitado, 3 deles de uso global terciario, 1 dotacional público e 4 de uso industrial, tratándose en moitos dos casos de desenvolvementos previstos no planeamento vixente nos que se modifica o uso global.

SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Tal como establece o artigo 33 do RLSG, constitúen o solo de núcleo rural “*as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grado de consolidación pola edificación e, no seu caso, a tipoloxía tradicional do seu armazón e das edificacións existentes nel*”.

O presente PXOM incorpora o documento do Análise do Modelo de Asentamento Poboacional (AMAP) que é o que determina as medidas a adoptar para a ordenación, mellora e preservación dos asentamentos tradicionais. Neste documento analízase individualmente cada núcleo de acordo co establecido no artigo 138 do RLSG, cunha memoria, unha ficha, plano de información e plano de ordenación, así como fotografía aérea actual e a correspondente ao voo americano.

Identifícanse e delimítanse 157 núcleos rurais, a meirande parte deles, correspóndense cunha tipoloxía que mestura un asentamento tradicional (SNTR) cunha área de expansión máis recente (SNRC), a esta tipoloxía corresponde a 101 núcleos (64% do total). Os restantes correspóndense cunha única tipoloxía tendo 37 núcleos categorizados como tradicionais (SNRT), o 23% dos núcleos, e 19 como núcleos comúns supoñendo o 12% do total.

Este PXOM delimita 4 áreas de actuación integral en núcleo rural que se desenvolverán mediante Plan Especial de reforma interior coas determinacións establecidas nas fichas da normativa urbanística.

SOLO RÚSTICO.

O presente PXOM, tendo en conta as determinacións da LSG, considera os principios de utilización racional dos recursos naturais e de desenvolvemento sustentable e agás os terreos que se considera que deben ser obxecto de transformación urbanística clasifica gran parte do territorio como solo rústico, atendendo as distintas categorías establecidas pola LSG.

06. RESUMO DAS CLASES E CATEGORÍAS DE SOLO COAS SÚA SUPERFICIE E PROPORCIÓN DO CONCELLO.

Táboa de superficies por clases de solo

Clase	Categoría	Superficie (ha)	%*	
Solo Urbano	Consolidado	Narón: 409,60	6,12	
		Río do Pozo: 230,30	3,44	
	Non consolidado	SUNC	110,20	1,65
Solo Urbanizable	Terciario	SUB.TER	33,69	0,50
	Industrial	SUB.IND	157,23	2,35
Solo de núcleo rural	Tradicional	SNRT	491,06	7,34
	Común	SNRC	677,20	10,12
Solo rústico de protección	Ordinaria	SRPO	103,92	1,55*
	Agropecuaria	SRPA	2.765,50	41,34*
	Costas	SRPC	405,53	6,06*
	Augas	SRPAU	1.514,24	22,63*
	Infraestruturas	SRPIN	4.379,46	65,46*
	Paisaxística	SRPPX	383,24	5,73*
	Patrimonial	SRPP	412,93	6,17*
	Espazos Naturais	SRPEN	492,97	7,34*

*% Proporción referida á superficie xeográfica do concello (66,9Km² = 6690Has)

07. ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO.

O PXOM de Narón , na súas Normas Urbanísticas define os usos do solo e as ordenanzas de aplicación.A categorización de usos pormenorizados distingue entre usos residenciais, terciarios, industriais, dotacionais e agropecuarios.

O PXOM da continuidadeá ordenación prevista no plenamente vixente no solo urbano consolidado cualificando os terreos segundo 11 ordenanzas zonais:

- Ordenanza 1: RESIDENCIAL INTENSIVA.
- Ordenanza 2: RESIDENCIAL EN BLOQUE ABERTO.
- Ordenanza 3: RESIDENCIAL FAMILIAR.
- Ordenanza 4: FINCAS SINGULARES EN SOLO URBANO.
- Ordenanza 5: MANTEMENTO DAS CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN.
- Ordenanza 6: TERCARIO.
- Ordenanza 7: INDUSTRIAL. Graos A, B, C, D, E, F e G.
- Ordenanza 8: EQUIPAMENTOS.
- Ordenanza 9 ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.
- Ordenanza 10: INFRAESTRUTURAS DE SERVICIOS.
- Ordenanza 11: INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS.

O PXOM cualifica os terreos en solo de núcleo rural en base a dúas ordenanzas zonais; núcleo rural TRADICIONAL e núcleo rural COMÚN, así como infraestructura viaria, equipamentos e zonas verdes e espazos libres.

08. SISTEMA DOTACIONAL.

SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes está formado polos parques, xardíns, paseos peonís, prazas e áreas peonís de dominio e uso público ao servizo dunha parte importante da poboación do concello. A superficie actual desta dotación urbanística é de 472.367m², o PXOM avalía a cobertura e déficits de zonas verdes, e engade unha superficie de 792.657m².

As previsións de novos sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes baséanse no obxectivo do PXOM de crear corredores verdes que conecten os espazos libres do solo urbano co territorio a través principalmente dos cursos fluviais (Rego de Santa Cecilia e Rego Seco) e a creación dun corredor litoral ao longo de toda a costa da Ría de Ferrol.

Deste xeito desde calquera dos barrios de Narón, existirá a posibilidade, a través dunha concatenación de espazos libres existentes e previstos no PXOM, de enlazar con espazos de

calidade no litoral e cara o norte coa futura cidade deportiva a carón do campo de fútbol Río Seco e ata o polígono de Río do Pozo.

SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS.

O sistema xeral de equipamentos está formado polos equipamentos públicos destinados a uso sanitario- asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos ou dotacional múltiple ao servizo de toda ou unha parte importante da poboación do concello, que acadan na actualidade unha superficie de 427.571m². A partir da análise desta información avalíase a cobertura e déficits de equipamentos e o PXOM engade unha superficie de 192.347m².

A cobertura de equipamentos de carácter xeral no temo municipal de Narón é boa, polo que a estratexia do PXOM, correspóndense na súa maior parte con actuacións concretas como son a ampliación do cemiterio municipal, a creación dunha cidade deportiva a carón do estadio Río Seco ou a obtención terreos por medio do desenvolvemento do solo urbanizable dotacional para a construción dun novo centro educativo e unha residencia para a terceira idade. O resto das actuacións en materia de equipamentos consiste en actuacións concretas para a ampliación, ou consecución de pezas de menor entidade.

DOTACIÓNS DE CARÁCTER LOCAL.

No solo urbano non consolidado establécense reservas de dotacións de carácter local segundo o estudo dos déficits de cobertura de dotacións no núcleo urbano de Narón, segundo a ordenación prevista, garantindo en todo caso, o cumprimento conxunto dos estándares mínimos.

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO.

O PXOM achega unha análise pormenorizada de cada un dos servizos referidos no RLSG aos seguintes obxectivos:

- Execución da política hidráulica, especialmente os encoros e as construcións e conducións que aseguren o abastecemento de auga.
- Evacuación das augas residuais e a súa depuración.
- Tratamento e á eliminación de residuos.
- Protección da natureza e á loita contra o lume.
- Execución da política enerxética (enerxía eléctrica e gas).
- Elementos e liñas xerais de telecomunicacións en calquera das súas formas.

SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN.

O sistema de comunicacións está formado por toda a rede de comunicación viaria, ferroviaria e portuaria de titularidade pública destinada ao transporte e mobilidade de persoas e mercadorías. En atención á problemática exposta, o Plan propón unha rede básica ou de sistema xeral de carácter orgánico e estruturante que obedece a unha orde xerárquica e ao contexto territorial metropolitano e rexional no que se inserta.

ANEXO. FICHA RESUMO DO PLAN

FICHA RESUMO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL					
1. DATOS: XERAIS DO CONCELLO					
CONCELLO	NARÓN				
PROVINCIA	A CORUÑA				
NÚMERO DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN	157				
SUPERFICIE TOTAL TERMO MUNICIPAL (Km ²)	66,90 km ²				
POBOACIÓN TOTAL CONCELLO (habitantes)	39.661 habitantes(xuño 2023)				
DENSIDADE DE POBOACIÓN (habitantes/km ²)	581,95hab/km ²				
2. DATOS: TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL					
PLANEAMENTO VIXENTE ANTES DA APROBACIÓN DO PLAN XERAL	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) aprobado o 22 de abril de 2002				
NORMATIVA URBANÍSTICA DE APLICACIÓN NA TRAMITACIÓN	Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)				
DATA DE CONTRATACIÓN DO PXOM	30 de setembro de 2021 (Cesión contrato DOLMEN,SL)				
DATA DE APROBACIÓN INICIAL					
DATA DE APROBACIÓN PROVISIONAL					
DATA DE APROBACIÓN DEFINITIVA					
3. DATOS: CLASES E CATEGORÍAS DE SOLO					
SUPERFICIE POR CLASES DE SOLO	Clase-categoría de solo		(qm ²)	%	
	SOLO URBANO CONSOLIDADO		6,40	9,56	
	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO		1,10	1,66	
	SOLO URBANIZABLE		1,91	2,88	
SUPERFICIE POR CLASES DE SOLO	Clase-categoría de solo		(qm ²)	%	
	SOLO NÚCLEO RURAL COMUN		6,77	10,22	
	SOLO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL		4,91	7,41	
	SOLO RÚSTICO	PROTECCIÓN ORDINARIA		1,03	1,57
		ESPECIAL PROTECCIÓN AGROP.		27,65	41,77
		ESPECIAL PROTECCIÓN FORESTAL		0	
		ESPECIAL PROTECCIÓN DE AUGAS		15,14	22,87
ESPECIAL PROTECCIÓN DE COSTAS		4,05	6,12		

		ESPECIAL PROT. DE INFRAEST.	43,79	66,15
		ESPECIAL PROTECCIÓN ESP. NAT.	4,92	7,44
		ESPECIAL PROTECCIÓN PAIXAX.	3,83	5,79
		ESPECIAL PROTECCIÓN PATRIM.	4,12	6,24
		TOTAL	66,20	100
CONCELLOS LIMÍTROFES	CONCELLO		PLANVIXENTE	
	FERROL		PXOM (28/12/2000)	
	VALDOVIÑO		NSP (28/10/1995)	
	SAN SADURNIÑO		NSP (23/03/2000)	
	NEDA		NSP (22/06/1992)	
4. DATOS: RELATIVOS AOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN				
Nº DE NÚCLEOS RURAIS DELIMITADOS	157			
Nº DE NÚCLEOS URBANOS DELIMITADOS	2 (NÚCLEO URBANO NARON + POLIGONO INDUSTRIAL RIO DO POZO)			
AREAS DE RECUALIFICACIÓN RECOÑECIDAS	1			
AREAS DE PLANEAMENTO INCORPORADO	API-01-RES- ALTO DO CASTIÑEIRO(P.OC2-PXOM 2002)			
	API-02-RES - ALTO DO CASTIÑEIRO(P.OC8 - PXOM 2002)			
	API-03-RES - PIÑEIROS (P.P12 – PXOM 2002)			
	API-04-RES -AS LAGOAS(P.P27 – PXOM 2002)			
	API-05-RES - A SOLAINA(P.SI10 – PXOM 2002)			
	API-06-RES - A SOLAINA(P.SI11 – PXOM 2002)			
	API-07-RESXUVIA(PP R1 – PXOM 2002)			
	API-08-IND- POL. IND. RÍO DO POZO(P.S.AMB.1 MP SRAU POL IND. RIO POZO – PXOM 2002)			
5. DATOS: RELATIVOS Á CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PLAN XERAL				
DATA HORIZONTE PROPOSTA PARA O PXOM	16 ANOS			
CAPACIDADE MÁX. RESIDENCIAL DO PXOM	33.559			
NÚMERO TOTAL DE VIVENDAS EXISTENTES	19.305			
NÚMERO TOTAL DE VIVENDAS PROPOSTAS	14.254			
NÚMERO DE VIVENDAS PROPOSTAS EN CADA TIPODE SOLO	EN SOLO URBANO CONSOLIDADO	7.389		

	EN SOLO URBANO NON CONSOL.	5.576
	EN SOLO DE NÚCLEO RURAL	1.289
	EN SOLO URBANIZABLE	0
SOLOS URBANIZABLES PREVISTOS	USO RESIDENCIAL/HOTELEIRO	0
	USO INDUSTRIAL/TERCIARIO NON HOTELEIRO	8
RESERVA DE SOLO PARA O SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES/ZONAS VERDES	EXIXIDA (m2)	780.264
	PROPOSTA (m2)	1.265.871m ²
RESERVA DE SOLO PARA O SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS	EXIXIDA (m2)	260.088m ²
	PROPOSTA (m2)	600.843m ²
RESERVA DE SOLO PARA PRAZAS DE APARCADOIRO	EXIXIDA (m2)	8.456 pz 2.114pz Pb
	PROPOSTA (m2)	8.456 pz 2.360pz Pb
RESERVA DE ARBORADO	EXIXIDA (m2)	8.456ud
	PROPOSTA (m2)	8.460ud
RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA	EXIXIDA (m2)	6,8%
	PROPOSTA (m2)	8%

Asinado en A Coruña en outubro de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto
 Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto
 Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda. Arquitecta
 Codirectora dos traballos